



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ANUNCIO RESULTADO PROVISIONAL DO PROCESO ESTABILIZACIÓN POSTO DE ASESOR XURÍDICO DE SERVIZOS SOCIAIS (09.00.00.05)

Rematado polo Tribunal o estudo da documentación aportada no concurso de méritos do proceso de estabilización do posto de Asesor xurídico de Servizos Sociais (09.00.00.05)

“ Antes de comezar o estudo da documentación presentada polos aspirantes ao concurso de méritos do proceso de estabilización do posto de Asesor xurídico de Servizos Sociais, a base 9.2 no referente aos méritos profesionais é interpretado polo Tribunal no sentido pretendido pola Lei 20/2021 de estabilización de postos de traballo, atendendo polo tanto ás concretas funcións do posto de traballo a estabilizar, así como aplicando o criterio establecido no apartado relativo a Outros Méritos no que unicamente se valoran cursos relacionados directamente coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria (ademais dos considerados transversais).

Finalmente a base 9.2 é interpretada de acordo coa base 7º *As dúbidas ou incidencias que xurdan sobre a aplicación das normas das bases da convocatoria, serán resoltas polo Tribunal por maioría de votos das persoas asistentes á sesión, decidindo en caso de empate o voto da Presidencia.*”

Á vista do indicado anteriormente o tribunal, por unanimidade dos seus membros, acorda como base os seguintes criterios para o estudo da documentación aportada:

Para os méritos terase en conta:

- 1.- Certificado de servizos prestados pola Administración correspondente.*
- 2.- A vida laboral e os contratos de traballo presentados, por si sos, non será valorada polo tribunal.*
- 3.- A vida laboral unicamente será valorada en unión de copia do contrato de traballo que permita ao tribunal comprobar a coincidencia do periodo de tempo traballado así como o concreto posto de traballo desempeñado.*
- 4.- O tempo de servizos prestados será computado por meses completos non acumula días soltos.*
- 5.- Valoraranse os cursos realizados nas Administracións Públicas relacionados co contido da praza a estabilizar.*



6.- Valoraranse os cursos que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais: prevención riscos laborais, igualdade e non discriminación, violencia de xénero, traballo en equipo, protección de datos, transparencia, calidade dos servizos e ofimática

Á vista do anterior o Tribunal procede á publicación do resultado provisional quedando como segue:

Nº	Aspirantes	DNI	CELGA	Méritos profesional	Outros Méritos (Cursos)	Titulación superior á esixida	Total
01	GARCIA PEÓN, MINERVA	**3968**	SI	3,2	10	0	13,2
02	GONZÁLEZ GARCÍA, MARÍA MONTSERRAT	**4712**	SI	0,90	10	0	100
03	PARENTE RIVERA, MANUELA	**892**	SI	0	10	0	10

Logo do anterior, en aplicación das bases do procedemento do proceso de estabilización de emprego, concedese un prazo de **10 días hábiles a partires do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu e na páxina web do Concello de Bueu** para presentar as reclamacións ou alegacións oportunas.

Por último, comunícase aos aspirantes que horario de rexistro de atención ao público do Concello de Bueu é de 8:30 a 13:30 horas de luns a venres.

Rematado o prazo de alegacións e de non presentarse ningunha reclamación ou alegación considerarase elevado a definitivo a valoración dos méritos do proceso de estabilización do posto de Asesor xurídico de Servizos Sociais (09.00.00.05).

O secretario titular do tribunal

